

A antiga Grecia

O relevo de Grecia é **montañoso** e ten moitas **illas**. A civilización grega é o resultado da fusión entre distintos pobos que vivían no Sur da **Península Balcánica**, a **costa de Anatolia** e as **illas do mar Exeo**.



Todos eles compartían unha mesma cultura, lingua e relixión. O territorio que os agrupaba era a chamada **Hélade** e os seus habitantes **helenos**.

As cidades máis importantes eran **Atenas**, **Esparta**, **Olimpia**, **Corinto**, **Delfos**...



A historia da civilización grega abrangue case **tres mil anos**, desde a aparición da civilización minoica na illa de Creta ata a conquista romana do Imperio macedónico no século II a. C.

En Grecia as comunicacións por terra eran moi difíciles e tiñan que facerse por mar. Como o terreo era montañoso e difícil de cultivar, os gregos cruzaron o mar en busca de novas terras. Foron grandes navegantes e fundaron por todo o Mediterráneo novas cidades chamadas **colonias**.

CIVILIZACIÓNS PREHELÉNICAS

3000-776 a. C.

Destacaron a **civilización minoica**, na illa de Creta, e a **micénica**, na Grecia continental. Tras a invasión dos dorios, cara ao ano 1100 a. C., iniciouse a **idade escura**.



ÉPOCA ARCAICA

776-490 a. C.

Xorden as primeiras **polis** ou cidades-estado, comunidades de cidadáns libres con autogoberno. A busca de novas terras propiciou a **expansión** grega polo mar Mediterráneo.



ÉPOCA CLÁSICA

490-334 a. C.

Prodúcese a máxima prosperidade das polis gregas, entre as que destacou **Atenas**, onde se implantou un réxime democrático. Hai un esplendor cultural en Grecia.



ÉPOCA HELENÍSTICA

334-146 a. C.

O reino de Macedonia foise facendo poderoso. **Alexandre Magno** creou un dos imperios máis grandes da Antigüidade. No século II a. C. **Roma** conquistou Grecia.



Actividades V/F

____ O relevo de Grecia é montañoso e ten moitas illas.

____ A civilización grega naceu no océano Atlántico.

____ Como o terreo era difícil de cultivar, os gregos expandíronse polo mar Mediterráneo e fundaron cidades chamadas colonias.

____ As polis gregas son cidades-estado independentes que se autogobernan.

____ O esplendor cultural que viviu Grecia durante a época clásica debeuse a prosperidade de cidades como Esparta.


____ O nome de Grecia puxéronllo os romanos.

____ A civilización grega remata coa conquista no ano 146 a. C. de Alexandre Magno.

As polis gregas Atenas e Esparta

As cidades gregas, chamadas **polis**, eran independentes. Cada unha tiña o seu goberno, o seu exército e a súa moeda. En Esparta había unha **diarquía** mentres que en Atenas os cidadáns votaban e elixían aos seus gobernantes nun sistema político chamado **democracia**.

Na democracia ateniense só podían votar os homes libres maiores de 20 anos. As mulleres, os estranxeiros e os escravos non podían votar.



Actividades

- 2 diferenzas entre a democracia ateniense e a democracia hoxe en día.
- Se viviras en Grecia durante a Idade Antiga, en que cidade preferirías vivir, en Atenas ou en Esparta? Por que?

A vida na antiga Grecia



A **acrópole** de Atenas é a parte máis antiga e alta da cidade, xa que se construían en lugares elevados e doados de defender en caso de ataque.

A zona máis importante era o **ágora**, unha praza pública onde os cidadáns se reunían para discutir os asuntos da cidade. No ágora estaban os principais edificios públicos e o mercado.

As cidades costeiras tiñan un **porto** onde se reunían artesáns, mariñeiros e comerciantes.

Os gregos eran agricultores, gandeiros, artesáns e comerciantes:

- Os agricultores cultivaban vide e oliveira para facer viño e aceite.
- Os gandeiros criaban ovellas, cabras, porcos e cabalos nas zonas montañosas do interior.
- Os artesáns fabricaban tecidos, calzado, ferramentas e vasillas de cerámica.
- Os comerciantes vendían nas colonias viño, aceite e cerámica e regresaban con trigo e metais.



O trigo era moi importante pois Grecia non producía suficiente para alimentar a toda a poboación. O metal utilizábase para fabricar ferramentas, armas e moedas.

A cultura grega

Os **Xogos Olímpicos** comezaron a celebrarse na antiga Grecia en honor a Zeus. Era unha competición deportiva que se organizaba cada catro anos na cidade de **Olimpia**.

Os gregos consultaban aos seus deuses antes de tomar decisións importantes. O **oráculo de Delfos** chegou a ser o centro relixioso máis importante da Grecia antiga.

Foron os primeiros en tratar de dar unha explicación lóxica ao mundo mediante o uso da razón e da observación. Interesáballes a **filosofía** e a **ciencia** con importantes avances en **matemáticas**, **ciencias naturais**, **medicina**, **astronomía**...

Todas as cidades gregas compartían a mesma cultura: tiñan os mesmos costumes, a mesma lingua e os mesmos deuses.

O arte grego

Os arquitectos gregos buscaban o **equilibrio** e a **orde** nas súas construcións. As formas dos edificios eran xeométricas, sobre todo rectángulos e triángulos.

Os edificios máis importantes eran os **templos**. Eran rectangulares, apoiados en columnas e sobre unha escalinata. Outros edificios eran os **teatros** onde se representaban comedias e traxedias e os **estadios** onde se celebraban competicións de atletismo.

Nas súas obras arquitectónicas usaron capiteis de orde dórica, iónica e corintia.



A escultura grega centrouse na representación do corpo humano buscando o ideal de equilibrio, harmonía, proporción e beleza empregando mármore e bronce.

Actividades

Escribe a palabra que corresponde a cada definición:

- Punto de reunión de artesáns, mariñeiros e comerciantes: _____
- Parte máis antiga e alta dunha cidade grega: _____
- Praza pública: _____
- Lugar onde se facían as compras: _____

Relaciona cada deus cunha actividade humana:

- | | |
|------------|-------------------|
| 1 Atenea | _____ navegación |
| 2 Hermes | _____ artes |
| 3 Démeter | _____ sabedoría |
| 4 Ares | _____ comercio |
| 5 Apolo | _____ agricultura |
| 6 Poseidón | _____ guerra |

Debuxa os capiteis das tres ordes arquitectónicas.